

GOBERNO DA CIDADE no século XVI

No século XVI a actual cidade de Lugo e o seu couto estaban a saír da crise baixo medieval que afectou a toda Galicia, e dependía do señorío episcopal lucense, e tamén cando estaba a sede vacante ou ausente -situación bastante normal-, exercer as función do Cabido catedralicio.

Tralas liortas polo poder entre os distintos Bispos, os reis de Castela e o rexemento da cidade durante toda a Idade Media -a mediados do século XVI- atopámonos cunha situación herdada dos séculos anteriores, isto é, unha cidade baixo o señorío eclesiástico. Mentres que no resto da coroa de Castela, os concellos, aínda que ían perdendo a súa autonomía, perdían en favor do señorío de realengo (do rei de Castela).

No caso de Lugo, os dereitos xurisdiccionais da cidade foron debidos entre o señorío bispal e o Consistorio da cidade, trala concesión dos "fori nostri" a mesma, en 1121, aínda que o privilexio real que se respecta no século que estamos a falar, é o dado polo rei en 1177, considerado, en xeral como o fundacional do Cabido da cidade (Concello).ⁱ

O goberno da antiga Lucus Augusti era levado a cabo xuntamente polo Cabido, chamado así como herdanza do Cabido catedralicio e o señor da cidade: o Bispo de torno.

O Cabido lucense ou Consistorio ou Rexemento chamado destas formas, na súa época, estaba formado por :

- **dous alcaldes ordinarios**, que eran nomeados polo Bispo, a partir dunha lista que o Consistorio lle presentaban e que eran nomeados o primeiro día do ano, entre os incluídos nunha relación, coñecida como *cobrado*, *cobre* o *quebrado*, que lle entregaba o consistorio ao Bispo, o cal realizaba selección. Unhas atribucións intermedias entre o Consistorio e O Bispo, xa que un propoñía e outro escollía entre os propostos. (Este nomeamento queda perfectamente reflectido na primeira acta que se conserva do Consistorio lucense de data 1/01/1545)

En Lugo a votación da proposta era secreta entre os seis rexedores.ⁱⁱ A proposta de menos candidatos é do ano 1564, no que se propoñen 4 e a mais do ano 1577 que chegan a 12. Proporíanse os máis votados.

As súas funcións eran gobernativas con voz e voto e de xustiza , exercían como xuíces de primeira instancia o "xuíces de concello", competentes en causas civís e criminais dos veciños da cidade, excepto nos preitos relativos ao goberno da cidade, competencia privativa dos xustizas da mesma sistema que producía enfrontamentos entre o Concello e o persoal do Bispo de Bispo con farta frecuencia, ocasionando múltiples causas en la Real Audiencia.ⁱⁱⁱ

- **os rexedores:** seis "homes boos y jurados" coñecidos como **rexedores**, Nomeados polo Bispo

O traballo dos rexedores era similar a ao dos concelleiros actuais ocupándose distintos asuntos de goberno da cidade : abastos, auga impostos, contas, arranxo de rúas

- **un procurador xeneral**, nomeado, anualmente, polo Consistorio

A súa función era a de velar porque os acordos tomados se ativesen ao corpus legislativo existente nese momento, así como da defensa legal dos veciños no caso de abusos de poder e levando ou vixiando os preitos do Rexemento con outras institucións : outros concellos , o señorío real. etc. Asimesmo desempeñaba, derivadas do seu oficio, importantes comisionas, tanto fora como dentro de la urbe. Era o encargado de levar adiante os preitos que o Concello tiña interpostos, o cal significa que debía de facer moitas viaxes, cos correspondentes emolumentos económicos.

Existía ademais **outro persoal** no Concello : porteiro, alguacil, escriban, un mestre de nenos, un farmacéutico, do que temos noticias en 1570, e un médico, crese que exercía tamén no Hospital da cidade.

Lugo, tiña , tamén, como capital de provincia , dereito a un **procurador na Xunta do Reino de Galicia** , que era sempre un rexedor, elixido entre eles, cargo moi querido polas rendas que levaba con el.

ⁱ Esta situación provén da Idade Media, desde que en el año 1120 o bispo D. Pedro cede a metade da xurisdición sobre a cidade, ao Cabido, partindo a mesma pola Porta de S. Pedro e engadindo á cesión outras parroquias do coto, a pesar dos foros outorgados á cidade, como tal, ao longo do século XII, esta continúa ser señorío eclesiástico, no año 1600, pese a las continuas contendas y preitos entre as partes.

ⁱⁱ Estipulado por un *auto de acuerdo* da Real Audiencia de Galicia do ano 1547, ratificado en 1559 en executoria de 3 de Abril de 1568, na que se incluye o traslado do Auto anterior.

ⁱⁱⁱ Do cal falamos noutros apartados.